



CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación	CPI Plurilingüe Cabo da Area
Enderezo	Avda. Isidro Parga Pondal, 45
Localidade	Laxe
Código da localidade	15118
Concello	Laxe
Provincia	A Coruña
Código do Centro	15007621
Teléfono	881.880.709
Correo electrónico	cpi.cabo.area@edu.xunta.gal
Páxina web	www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea

No curso actual 2021-2022, o CPI Plurilingüe Cabo da Area ten 225 alumnos e alumnas, de tal maneira que a matrícula se incrementou en 2 alumnos/as con respecto ao ano pasado, tendo en conta que houbo baixas en todos os niveis educativos, debido a cambios de domicilio e elección doutros centros da contorna.

A composición por etapas queda así:

Educación Infantil			Educación Primaria							Educación Secundaria			
4º A	5º A	6º A	1º A	2º A	3º A	4º A	5º A	5º B	6º A	1º A	2º A	3º A	4º A
14	8	17	18	20	14	14	15	14	18	18	23	17	12
38			112							70			

O claustro está composto por 33 membros, dos cales, a mestra de Audición e Linguaxe e as profesoras de Relixión son compartidas con centros da contorna.

	E.S.O. (13)	
1	590004 - Lingua castelá e literatura	Funcionaria carreira
2	590005 - Xeografía e historia	Persoal interino
3	590006 - Matemáticas	Funcionaria carreira
4	590007 - Física e química	Funcionaria carreira
5	590008 - Bioloxía e xeoloxía	Persoal interino
6	590010 - Francés	Funcionaria carreira
7	590011 - Inglés	Funcionario carreira
8	590016 - Música	Persoal interino
9	590017 - Educación física	Persoal interino

10	590017 - Educación física	Funcionario carreira
11	590018 - Orientación educativa	Persoal interino
12	590019 - Tecnoloxía	Persoal interino
13	590053 - Lingua e literatura galega	Funcionaria carreira
EDUCACIÓN INFANTIL (3)		
14	597031 - Educación infantil	Persoal interino
15	597031 - Educación infantil	Funcionaria carreira
16	597031 - Educación infantil	Funcionario carreira
ESPECIALISTAS ETAPAS EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA (8)		
18	597032 - Lingua estranxeira: Inglés	Persoal substituto
19	597033 -Lingua estranxeira: Francés	Persoal interino
20	597034 - Educación Física	Funcionaria carreira
21	597035 - Música	Funcionaria carreira
22	597036 - Pedagogía Terapéutica	Persoal interino (ARCO - 1º trimestre)
23	597036 - Pedagogía Terapéutica	Persoal interino (PROA)
24	597036 - Pedagogía Terapéutica	Persoal en prácticas
26	597037 - Audición e Linguaxe	Persoal substituto
EDUCACIÓN PRIMARIA (7)		
27	597038 - Educación Primaria	Persoal interino
28	597038 - Educación Primaria	Funcionaria carreira
29	597038 - Educación Primaria	Persoal substituto
30	597038 - Educación Primaria	Funcionaria carreira
31	597038 - Educación Primaria	Persoal interino
32	597038 - Educación Primaria	Funcionaria carreira
33	597038 - Educación Primaria	Funcionaria carreira

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.P.I. Plurilingüe Cabo de Area sitúase no concello de Laxe, pertencente á comarca de Bergantiños e localízase no extremo occidental da mesma. É un dos municipios máis pequenos en extensión da provincia de A Coruña, pois só abarca uns 34 km² aproximadamente, repartidos entre o núcleo semiurbano de Laxe, e as parroquias de Serantes, Soesto, Nande, Sances e Traba. Laxe é a capital turística da Costa da Morte e ten unha poboación aproximada de 3500 habitantes.

É unha vila mariñeira na que é evidente o peso da pesca na poboación activa ocupada, aínda que nos últimos anos coa crise económica descendeu o número de poboación activa e o sector pesqueiro está en horas baixas.

O poder adquisitivo da maior parte da poboación é medio; en moitos casos o nivel cultural está marcado pola situación económica, social e cultural das familias (estudos primarios) aínda que hai que destacar que existen tamén familias cun nivel sociocultural e económico medio-alto que se instalan ou regresan á vila pola calidade de vida que ofrece.

Tendo en conta que as TIC son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema educativo non quede desactualizado co que acontece cos novos medios. Por iso, con este Plan Dixital buscamos favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

Este Plan chega nun momento no que este centro educativo leva inmerso en distintos cambios:

- Contamos cun novo Coordinador TIC, integrante no Equipo de Dinamización do Plan Dixital, que fixo unha labor encomiable no fomento do uso das TIC do Centro, no mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais ou na formación a profesorado e alumnado no referente á aula virtual.
- Por segundo ano consecutivo no Proxecto Edixgal nos cursos de 5º e 6ºEP, aínda que contamos con moitas dificultades no tocante ao servizo técnico e os recursos educativos.
- Por primeira vez estamos inscritos no programa “*EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables*” o que permitiunos aumentar a dotación tecnolóxica coa adquisición dunha pantalla dixital para o pavillón e un equipo de son.
- Neste plano tecnolóxico, a coordinadora da biblioteca dentro do PLAMBE e do Club de Lectura, apostou este ano pola lectura dixital, e inscribiu a todo o alumnado do centro na plataforma E-LBE.2 coa que se procura aumentar as experiencias lectoras da comunidade educativa a través da lectura dixital.

Tanto o Plan Dixital como o resto de programas de innovación educativa anteriormente citados foron aprobados a principios deste curso académico e están recollidos na PXA do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro, artículase con base na seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

- A dirección do centro estableceu en primeiro lugar un Equipo de Dinamización do Plan Dixital e nomeou aos seus membros:
 - Antonio Varela Magariños (Coordinador)
 - Daniel Crespo Romero (Xefe de Estudos de Secundaria)
 - Marcos Maseda Prieto (Coordinador TIC do centro)

Unha vez formado o equipo de dinamización do Plan Dixital e contando coa colaboración do Equipo do PFPP de TICs, púxose en contacto con nós un dos responsables do ADIX de Vimianzo, que nos asesorou activamente nas distintas fases:

- Fase 1: Realizouse a análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente. A partir destas ferramentas podemos xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que permitiunos a análise da situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
- Fase 2: Deseño e elaboración do Plan Dixital.
 - A partir do DAFO elaborado establecemos unha selección de obxectivos buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas aproveitando, se é posible, as fortalezas e oportunidades. Tratamos de escoller obxectivos relevantes, aliñados coas necesidades e expectativas da comunidade, en relación coa mellora da nosa capacidade dixital e que desenvolveremos no curso 2022/23.
 - Unha vez establecido o Plan de Acción, centrámonos en compilar toda a información nun único documento, ampliando información e redactando así este Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro posúe conexión wifi e cable ao longo dos dous edificios de primaria e secundaria e no pavillón polideportivo.
- Tamén contamos con liña telefónica, e teléfonos nos despachos de dirección, xefatura de estudos, secretaría, e en conserxería.
- Dispoñemos de dúas aulas de informática con ordenadores sobremesa e conexión por cable: unha aula no edificio de infantil/primaria e outra no edificio de secundaria.
- Cada unha das aulas do alumnado conta cun ordenador e con pizarra/proxector dixital. É importante matizar que as aulas de 5º e 6º de Educación Primaria están dentro do Plan Edixgal polo que contan cun portátil para cada alumno/a.
- As aulas específicas de música, plástica, idiomas contan cun proxector e un ordenador cada unha delas.
- Tamén hai dispoñibles equipos na biblioteca de infantil/primaria e secundaria, dous na sala do profesorado de primaria e outros dous na de Secundaria, e nas aulas de PT, AL e orientación.

- Como servizos dixitais educativos máis usados no noso centro está:
 - A aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/aulavirtual/>
 - A web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/>
 - Abalarmóbil. Mándanse diferentes avisos e comunicacións. Facilita a relación coas familias.
 - Correo electrónico corporativo.

- Da xestión do mantemento do equipamento dixital do centro encárganse o coordinador TIC, a coordinadora de Edixgal e o conserxe do centro. Hai dispoñible nas dúas salas de profesorado unha “folla de incidencias” onde cada docente pode escribir e deixar constancia de calquera problema que se producise na súa aula relacionado cos dispositivos electrónicos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	2,2	
	Profesorado	3,5	2,9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3	
	Profesorado	3,4	2,3
	Alumnado	2,9	2,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,4	
	Profesorado	3,3	2,7
	Alumnado	4,1	2,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	
	Profesorado	3,6	3
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5	
	Profesorado	3,8	3,4
	Alumnado		3,2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3	
	Profesorado	2,8	2,7
	Alumnado	3,1	2,8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,3	
	Profesorado	2,4	2,5
	Alumnado		2,2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,4	
	Profesorado	3,1	2,7
	Alumnado	3,4	2,5

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital do profesorado do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	14	64,3
PROVISIONAL	6	13	46,2
INTERINO	2	2	100
SUBSTITUTO	1	5	20
DESPRAZADO	0	0	0

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,4	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	37	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a B1
Prim	83,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a B1
ESO	77,9	Integrador/a B1	79,2	Integrador/a B1

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	6	33,3%
B1	9	50%
B2	1	5,6%
C1	2	11,1%
C2	0	0%
TOTAL	18	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	<p>C1 - Aulas informáticas diferenciadas para cada etapa educativa</p> <p>C8 - Contamos con recursos informáticos suficientes para a ensinanza dixital</p> <p>C16 - O catálogo da biblioteca pódese consultar en liña.</p> <p>C8 - Nas aulas de 5º e 6º de Primaria, o alumnado conta cun ordenador personalizado, xa que traballan con E-dixgal.</p> <p>C2 - O centro conta con aula virtuais para compartir recursos educativos dixitais co alumnado.</p>	<p>C1 Non hai suficientes dispositivos para o alumnado de primaria e secundaria.</p> <p>C16 - Non se fomenta a lectura en formato dixital</p> <p>C2 - O material tecnolóxico non está actualizado, os equipos dixitais teñen moitos anos e son lentos.</p> <p>C14 - Na aula de informática de primaria e nas aulas hai equipos que non funcionan e certo equipamento está obsoleto</p> <p>C5 - Xorden dificultades na resolución de incidencias técnicas</p> <p>C3 - A conexión á Rede insuficiente.</p> <p>C15- Edixgal en 5º e 6º de Primaria a aula virtual da moitos erros.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>D2 - O profesorado participa en plans de formación.</p> <p>E2 - O profesorado utiliza recursos educativos en liña.</p> <p>E4 - O profesorado comúncase en liña coa comunidade educativa.</p> <p>B2- O grupo docente está concienciado sobre a importancia de implantar o uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino e aprendizaxe (primaria).</p> <p>B2 - Concienciación do profesorado da importancia de realizar un Plan Dixital de Centro acorde ao contexto do noso centro educativo.</p> <p>C2 -O profesorado emprega a aula virtual para subir material didáctico e comunicarse co alumnado.</p>	<p>A4- O profesorado non ten tempo para aprender a ensinar dixitalmente.</p> <p>D1- Formación básica de mestres e mestras no referente ao manexo das ferramentas dixitais.</p> <p>D1- Falta de formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.</p> <p>F1- Resistencia á adopción de innovacións educativas por parte do profesorado (secundaria).</p> <p>D1 - A formación que se oferta non se axusta ás competencias dixitais do profesorado, polo que non cubre as súas necesidades.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>C8: Nas aulas de 5º e 6º de Primaria, o alumnado conta cun ordenador personalizado, xa que traballan con E-dixgal (pero dan moitos erros).</p> <p>H10 - O alumnado do 3º ciclo de primaria e da ESO manexa a aula virtual, aínda que non todos teñen acceso desde casa.</p>	<p>C13 -Non hai unha política de ""trae o teu dispositivo"" no centro.</p> <p>H6 -O alumnado non recoñece o traballo dos demais.</p> <p>H3 - O alumnado non ten formación básica de uso. Ven o ordenador como un xoguete e non como un elemento de traballo, o que implica, en ocasións un uso irresponsable del.</p> <p>H4 -O alumnado non verifica a calidade da información á que accede.</p> <p>C1 - Certo alumnado non ten boa conexión de internet na casa.</p>
FAMILIAS	<p>C13 - A meirande parte das familias empregan Abalar Móbil.</p>		

OFERTA	A3 -O centro oferta novas formas de aprendizaxe.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C14 - Todo o alumnado da etapa de educación primaria ten asignado un tempo semanal onde pode facer uso da aula de informática. D3 - Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas educativas do centro. E4 -O uso das TIC permite dar unha resposta ao alumnado máis acorde ás súas necesidades."	A1 - Non existe estratexia dixital de centro. F6 - Non se levan a cabo proxectos interdisciplinares. G7 - As ferramentas dixitais non son utilizadas para a avaliación, de xeito habitual, por parte do profesorado. G5/G6 - O alumnado non utiliza, de xeito habitual, as ferramentas dixitais nos procesos de autoavaliación e coavaliación. B3 - Escasa comunicación con outros centros educativos. D1 -Descoñecemento de lexislación non educativa que afecta a este eido. A4- Falta dun equipo directivo con certa continuidade no tempo para levar a cabo distintos proxectos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	B4 -As administracións educativas fomentan o uso das tecnoloxías da información e comunicación.	
	LEXISLACIÓN	C7 - Cada vez existe máis regulación no campo das TIC relacionada coa protección de menores, ciberseguridade, etc."	- A excesiva burocracia neste eido, supón a aparición de prexuízos por parte do profesorado. Tamén a excesiva burocracia noutros campos, que quita tempo para adicarlle a outras tarefas máis productivas. - A lexislación educativa estatal e autonómica non se basea en acordos, o que supón cambios a curto prazo e dificulta a tarefa docente."
	CONTORNA		C3/C8- A diversidade na situación económica da contorna implica un distinto acceso ás ferramentas tecnolóxicas.
	ANPA	B3 -Vontade das familias na aprendizaxe do uso das ferramentas dixitais sempre que se lles oferten dende o centro.	B4 - Escasa formación das familias no uso de ferramentas dixitais. - ANPA con escasa representación.
	OUTRAS ENTIDADES		B3 -Pouca colaboración entre o centro e outros organismos no referente ao uso de ferramentas dixitais.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras analizar toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: C. Infraestrutura e equipos						
1. OBXECTIVO (1):	(C8) Actualizar e revisar o funcionamento dos equipos das dúas aulas de informática do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos revisados e actualizados					
Valor de partida (3)	O 50% dos equipos foi revisado polo coordinador TIC durante o curso 2021/2022.					
Valor previsto e data (4)	O 100% dos equipos revisouse e actualizouse.			22 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades do centro e dar de baixa equipos dixitais obsoletos	Equipo directivo	22/06/2023	Inventario dixital do centro Coordinador TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Determinación das necesidades de cada un dos equipos	Coordinador TIC	22/06/2023	Equipo directivo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos	Coordinador TIC	22/06/2023	UAC Servicio técnico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Actualizar maquetas DEBIAN/Linux da aula de informática e mercar as licenzas que se precisen	Coordinador TIC	22/06/2023	UAC Servicio técnico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: A. Liderado						
2. OBXECTIVO (1):	(A1) Implementar o Plan Dixital na realidade do centro a través dos diferentes documentos oficiais (PEC, PXA...)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de documentos de centro onde aparece recollido o Plan Dixital					
Valor de partida (3)	0% de documentos oficiais do centro atópase actualizado.					
Valor previsto e data (4)	100% dos documentos de centro atópase actualizados			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Nomear aos Equipos TIC/Plan Dixital.	Director/a	05/09/2022	Director/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Establecer unha canle de comunicación interna entre as/os Coordinadores TIC e do Plan Dixital co Equipo Directivo.	Equipo Directivo	08/09/2022	Coordinador/a TIC Coordinador/a Plan Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Presentar ao novo claustro de docentes o Plan Dixital e os disintos obxectivos do mesmo.	Equipo Directivo	08/09/2022	Equipo Directivo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Seguimento, actualización e avaliación do Plan Dixital nos distintos documentos de centro	Coordinador/a Plan Dixital	30/06/2023	Equipo Directivo Coordinador/a TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía, apoio e recursos						
OBXECTIVO (1):	(E3) Formar ó profesorado no manexo da aula virtual do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a PFPP e Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesorado que realiza tarefas e avalía na aula virtual do centro					
Valor de partida (3)	1 docente realiza tarefas e avalía na aula virtual co seu alumnado					
Valor previsto e data (4)	10 docentes realizan tarefas e avalía na aula virtual co seu alumnado			22 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Formación inicial ao profesorado por parte do coordinador TIC	Coordinador TIC	20/12/2022	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realización dunha batería de exemplos de recursos educativos e tipos de tarefas que se poden realizar na aula virtual	Coordinador TIC	20/03/2023	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Deseño de actividades de avaliación a través da aula virtual	Coordinador TIC	22/06/2023	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: C. Infraestrutura e equipos						
2. OBXECTIVO (1):	(C16OP) Publicación na web da documentación e impresos do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe dos documentos de centro publicados na web do centro.					
Valor de partida (3)	15% de documentos de centro para a súa consulta.					
Valor previsto e data (4)	100% da documentación dispoñible para a súa consulta.			22 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Localizar os documentos de centro.	Equipo directivo	22/12/2022	Páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicitar a documentación de centro na páxina web do centro dentro da comunidade educativa.	Equipo directivo	22/06/2023	Páxina web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro precisa de:

- Unha renovación dos equipos das aulas de informática:
 - En primeiro lugar, necesitamos un cambio urxente dos ordenadores da **sala de informática de Primaria e Infantil** utilizados para a alfabetización dixital do alumnado de infantil e Primaria. É unha sala que na actualidade nin se utiliza porque xa só para encender tardan varios minutos. É imposible facer tarefas básicas con eles. O arreglo deles é case máis caro que mercar novos equipos.
 - Na **sala de informática de Secundaria**, o Coordinador Tic esforzouse por ter os equipos o máis actualizados posibles, pero hai varios ordenadores que non dan máis de si. Necesitarían procesadores novos, RAM novas... En definitiva, non chegan para o alumnado dalgunha clase numerosa como 2ºESO.
- Consideramos esencial ter unha **aula dixitalizada** con equipos portátiles que permitan gañar en espazo/velocidade de execución e favorezan o traballo cooperativo do alumnado. Con isto buscamos tamén ter a posibilidade de realizar ensinanza mixta, con videoconferencias e grabacións das clases. Actualmente contamos cun equipo informático por aula tanto para o uso do profesorado como do alumnado. Isto na práctica implica que en diversas ocasións non se poidan planificar diversas tarefas relacionadas coas TIC por non existir dispositivos suficientes. As aulas de informática contan cun horario limitado que condiciona o traballo cos ordenadores.
- Renovación dos monitores e ordenadores de sobremesa das **salas de profesorado de infantil/Primaria e Secundaria** por atopárense obsoletos, carentes de capacidade e potencia suficiente. Bloquéanse e impiden en moitas ocasións imprimir desde eles exames ou preparar materiais para as clases.
- A **sala de xuntanzas de secundaria** carece de proxector nin pantalla o que dificulta poder expoñer información, ver vídeos ou facer un seguimento das notas no XADE. O mesmo acontece na **sala de usos múltiples do centro**, lugar no que se realizan a Comisións de Coordinación Pedagóxica, Claustros ou Consellos Escolares. Temos un proxector antigo, que proxecta directamente sobre a parede (carecemos de pantalla) o que dificulta en gran medida a lectura.
- Os **ordenadores da Directora e da Administrativa** son moi antigos e non se adaptan ás necesidades de eficiencia e velocidade que requiren os aplicativos da Xunta e as tarefas burocráticas diarias.
- As tablets das que dispoñemos están obsoletas e non permiten descargar aplicacións novas.
- Por último, a **aula de idiomas** do edificio de secundaria conta cun equipo de son que non soamente está obsoleto, senón que tamén está avariado. É imperativo dotar a esa aula do material audiovisual necesario para poder realizar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito efectivo. Ademais, o ordenador con que conta esa aula non é o suficientemente potente para poder traballar co libro dixital. Finalmente, esa

aula non conta con pizarra dixital, senón que soamente ten un proxector convencional, polo que non se poden facer tarefas interactivas co libro dixital.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

- Unha **avaliación procesual** que será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.
- Unha **avaliación final que** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro. A continuación, incluírase na páxina web do centro para que toda a comunidade educativa poida consultalo.